

En novembro de 2021 vostede pasou a desenvolver as súas funcións con carácter definitivo no Servizo de Contabilidade da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) como consecuencia da obtención dun posto de xefatura de sección nivel 25 por concurso de méritos. Como ademais vostede conta coa titulación de Graduado en Economía, unha das primeiras tarefas que lle encomendan é a colaboración na elaboración dun borrador do proxecto de orzamento para o exercicio seguinte. Sen embargo, o posterior transcurso dos acontecementos debido a unha crise económica mundial sen precedentes fixo imposible a aprobación dos Orzamentos de 2022 no prazo regulado legalmente e a USC viuse na obriga de prorrogar os do ano anterior. Con tal motivo o 29 de decembro de 2021 publica a Resolución de Prórroga dos Orzamentos. Finalmente a USC logra aprobar os seus Orzamentos en maio de 2022.

Adicionalmente vostede ten unha filla que nestes momentos está cursando estudos do último curso do Grao de Enxeñaría Química na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC, na que vostede prestaba servizos con anterioridade á resolución do concurso de méritos.

Por outra banda, o investigador posdoutoral Mario G.B., da mesma Escola Técnica Superior de Enxeñaría acaba de resultar beneficiario dunha axuda para levar a cabo un proxecto de investigación plurianual no marco dunha convocatoria de concorrencia competitiva da Axencia Estatal de Investigación e, como se trata do primeiro proxecto de investigación no que exerce como investigador principal, ten moitas dúbidas relacionadas coa execución de gasto. O proxecto dará comezo o 1 de xaneiro de 2022 e rematará o 31 de decembro de 2024.

Este mesmo investigador Mario G.B. realizou parte da súa formación posdoutoral en Canadá especializándose no campo da transmisión da enerxía eléctrica a longa distancia sen fíos, despertando unha notable interese por parte de moitas empresas do sector. Unha delas, ELECTRIC WIRELESS S.A., proponlle a este investigador unha colaboración no marco do artigo 83 da LOU para o deseño técnico dos postes repetidores do sinal eléctrico.

PREGUNTAS:

1. En relación coa prórroga dos Orzamentos na USC, indique a resposta correcta segundo o indicado no Regulamento de xestión orzamentaria e nos seus Estatutos:
 - a) Sería correcto consignar unha cantidade distinta na previsión dun determinado capítulo de Ingresos se existe información válida para sustentar tal previsión.
 - b) A prórroga do orzamento adecuarase á resolución do reitor na que se detallarán os importes dos créditos.
 - c) A falta de aprobación do orzamento anual da Universidade antes do 31 de decembro do ano correspondente suporá a prórroga automática do orzamento do ano anterior.
 - d) A resolución de prórroga implica automaticamente a total dispoñibilidade dos créditos prorrogados sen ningún tipo de restrición.

2. Indique a resposta correcta respecto da contabilización e vinculación do crédito correspondente ao proxecto de investigación de Mario G.B.:
 - a) Contabilizarase no capítulo de investimentos reais e o seu crédito terá carácter limitativo e vinculante a nivel de clasificación orgánica e funcional por tratarse dun crédito que figura no orzamento asignado a unha unidade orgánica.
 - b) Contabilizarase no capítulo de investimentos reais e o seu crédito terá carácter limitativo e vinculante a nivel de capítulo.
 - c) Inclúirase no orzamento e deberá ser obxecto dunha adecuada identificación que permita o seu seguimento contable por tratarse dunha actividade financiada con recursos afectados.
 - d) Inclúirase no orzamento e deberán ser obxecto dunha adecuada identificación que permita o seu seguimento contable por tratarse dunha actividade financiada con transferencias correntes.

3. O Regulamento de xestión orzamentaria establece que en virtude do disposto na Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, a USC debe enviar as contas consolidadas do ano 2021 á consellería competente en materia de Facenda. Indique a resposta correcta en relación con esta cuestión:
- a) As contas do exercicio 2021 debateranse no seno do Consello Social e aprobaranse con antelación suficiente para non interferir no peche do exercicio do ano seguinte.
 - b) Entre os documentos e informes que forman parte da Conta Xeral non están os resultados sobre a xestión da contratación administrativa.
 - c) Entre os documentos e informes que forman parte da Conta Xeral non está a información relativa aos indicadores de xestión relacionados coa prestación de servicios.
 - d) A USC deberá remitir antes do 30 de xuño do exercicio seguinte á consellería competente en materia de Facenda, as contas consolidadas dun exercicio determinado. Previamente deberán estar aprobadas polo Consello Social.
4. O proxecto que lle foi concedido ao investigador Mario G.B. establece unha distribución plurianual dos fondos totais que se corresponde cun plan de libramento de pagamentos do organismo financiador. Indique a resposta correcta en relación con este asunto:
- a) Mario G.B. deberá elaborar unha adecuada planificación do gasto sempre que as normas reguladoras do proxecto o permitan.
 - b) Mario G.B. non ten obriga de elaborar ningunha planificación do gasto, dado que os proxectos con financiamento afectado están expresamente exceptuados da planificación de gasto.
 - c) Mario G.B. non ten obriga de elaborar ningunha planificación de gasto, posto que nunca se poderá modificar a distribución plurianual de fondos que vén determinada polo organismo financiador.
 - d) Mario G.B. deberá elaborar unha adecuada planificación do gasto en calidade de responsable da actividade que servirá de base para unha adecuada planificación da tesourería.
5. O último día do exercicio orzamentario 2022 existen varios créditos na Escola Técnica Superior de Enxeñaría que non están comprometidos para o cumprimento de obrigas recoñecidas. Indique a resposta correcta respecto da incorporación destes créditos ao exercicio seguinte:
- a) Poderá incorporarse o crédito dunha partida do capítulo de gastos correntes.
 - b) Nunca se poderá incorporar ningún crédito e quedarán por tanto todos anulados de pleno dereito.
 - c) Poderá incorporarse o crédito dunha partida de gasto condicionado sempre que a súa vixencia non se estenda mais alá da fin do exercicio.
 - d) As incorporacións dos remanentes de crédito que procedan serán autorizados polo reitor ou reitora dando conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.
6. O proxecto de orzamentos deberá recoller uns determinados anexos relacionados cunhas materias concretas. Indique, dos seguintes, cal non forma parte dos citados anexos:
- a) Clasificación orgánica por unidades de gasto.
 - b) Créditos asignados aos centros, departamentos e demais unidades de gasto, para o seu funcionamento ordinario.
 - c) Porcentaxe de ingresos destinados ao financiamento dos custos indirectos.
 - d) Clasificación funcional por Programas.

7. Finalmente a USC asina un contrato coa empresa ELECTRIC WIRELESS S.A. á cal se lle emite unha factura polos servizos prestados. Tras o transcurso de catro anos dende a expedición da factura constátase que aínda non se recibiu o ingreso por parte da empresa. Indique a resposta correcta respecto do que proceda:
- A USC deberá agardar ao transcurso dun ano máis para declarar a prescrición do dereito.
 - A USC pode xa declarar a prescrición do dereito, competencia que reside no reitor ou reitora.
 - A USC pode xa declarar a prescrición do dereito, competencia que reside na persoa que ocupe a Xerencia.
 - A USC pode xa declarar a prescrición do dereito, competencia que reside no Consello Social.
8. A Xunta de Escola da Escola Técnica Superior de Enxeñaría acorda a compra dun equipo de videoconferencia de última xeración para a docencia dunha nova materia, pero non conta con crédito suficiente na partida de equipamento docente. Porén, na partida de crédito destinado a material de oficina existe un excedente de crédito que non se vai executar. Cal sería a opción correcta para adquirir o equipo de videoconferencia?
- Transferencia de crédito dende a partida de material de oficina á partida de equipamento que deberá ser autorizada polo reitor.
 - Transferencia de crédito dende a partida de material de oficina á partida de equipamento que deberá ser aprobada polo Consello Social por proposta do Consello de Goberno.
 - Transferencia de crédito dende a partida de equipamento á partida de material de oficina que deberá ser aprobada polo reitor por proposta do xerente.
 - Transferencia de crédito dende a partida de material de oficina á partida de equipamento que deberá ser autorizada polo reitor por proposta do xerente.
9. A quen lle corresponde a custodia da documentación oficial que dea soporte aos gastos que execute o investigador Mario G.B. no seu proxecto?
- Á persoa responsable da unidade de asuntos económicos do centro no que se xestione o proxecto.
 - Á Area de Xestión da Investigación.
 - Á Secretaría Xeral.
 - Ao Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.
10. A pesar da crise acontecida no ano anterior, algunhas previsións apuntan que o exercicio económico 2022 da USC puidera rematar con remanente de tesourería positivo, aínda que non está claro de todo. Indique a resposta correcta:
- No caso de que finalmente a USC remate con remanente de tesourería positivo, poderá empregar a parte que estea afectada para financiar gastos de calquera natureza.
 - No caso de que finalmente a USC remate con remanente de tesourería negativo o Consello Social deberá proceder, na primeira sesión que celebre, a unha redución de gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido.
 - A USC poderá incorrer en déficit pero nunca poderá incorrer en remanente de tesourería negativo xa que isto só pode acontecer na empresa privada e non nunha Administración Pública.
 - A USC nunca poderá incorrer en remanente de tesourería negativo se o orzamento está feito de forma equilibrada.
11. A Directora da Escola Técnica Superior de Enxeñaría decide adquirir, con cargo ás partidas de gasto das que é responsable no centro, unha cadeira nova para o seu despacho. Indique a resposta correcta respecto da contabilización deste gasto:
- Imputarase á partida polo importe total da factura.
 - Imputarase á partida polo importe do gasto que comprenderá o imposto sobre o valor engadido que non sexa recuperable.
 - Imputarase á partida polo importe do gasto agás o imposto sobre o valor engadido que non sexa recuperable.
 - Imputarase á partida polo importe do gasto agás o imposto sobre o valor engadido por tratarse sempre dun gasto non recuperable.

12. No transcurso do procedemento para a resolución do concurso de méritos no que vostede participou recibe un correo electrónico comunicándolle a posta a disposición dunha notificación por Sede Electrónica. Dado que o procedemento establece como obrigatoria a notificación por medios electrónicos, indique a resposta correcta respecto de cando se considera rexeitada tal notificación:
- Cando transcorresen dez días hábiles dende a posta a disposición sen que vostede acceda ao seu contido.
 - Cando transcorresen quince días hábiles dende a posta a disposición da notificación sen que vostede acceda ao seu contido.
 - Cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que vostede acceda ao seu contido.
 - Cando transcorresen quince días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que vostede acceda ao seu contido.
13. Unha funcionaria compañeira da súa oficina presenta un recurso contencioso-administrativo contra a resolución reitoral do concurso de méritos (no que vostede obtivo un posto de nivel 25), xa que considera que a valoración dos méritos non está correctamente motivada. Indique a resposta correcta respecto a esta cuestión:
- A súa compañeira non pode presentar recurso contencioso-administrativo xa que a resolución do concurso non esgota a vía administrativa.
 - É correcta a presentación do recurso contencioso-administrativo sempre que antes non tivera presentado un recurso potestativo de reposición e este estivese pendente de resolverse.
 - A súa compañeira unicamente podería presentar recurso contencioso-administrativo se ten recorrido previamente en vía administrativa e se resolveu expresamente o seu recurso.
 - É correcta a presentación do recurso contencioso-administrativo xa que é a única vía que ten para recorrer unha resolución dun acto que pon fin á vía administrativa.
14. No caso do proxecto concedido a Mario G.B., supoñendo que a Axencia Estatal de Investigación publicase a resolución de concesión do proxecto na súa Sede Electrónica pero non practicara a notificación individual, indique a resposta correcta:
- O acto sería inválido ao non ter sido notificado individualmente.
 - O acto sería de contido imposible ao non ter sido notificado individualmente.
 - O acto sería nulo de pleno dereito ao non ter sido notificado individualmente.
 - Se a resolución de concesión se publica en Sede Electrónica, esta sorte efectos de notificación practicada.
15. No suposto de que a directora da Escola Técnica Superior de Enxeñaría incorrese en determinadas irregularidades de tipo económico que resultasen graves logo de que o Servizo de Control Interno emitise o correspondente informe, que procede neste caso respecto da xestión económica-financeira?
- Asumirá a xestión económica-financeira un novo director ou directora elixido ou elixida tras a convocatoria inmediata de eleccións.
 - Asumirá a xestión económica-financeira da Escola un vicedecano ou vicedecana.
 - Asumirá a xestión económica-financeira da Escola o xerente ou a xerenta.
 - Asumirá a xestión económica-financeira da Escola un comité de urxencia composto por unha persoa da Xerencia e un vicedecano.
16. No marco dunha auditoría externa realizada polo Consello de Contas, un auditor precisa coñecer sobre diversos temas, particularmente a quen lle corresponde na USC o traslado das operacións de gastos e ingresos á contabilidade oficial da USC. Que resposta lle daría?
- Servizo de Control Interno.
 - Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.
 - Responsables de Asuntos Económicos das Unidades Administrativas de Xestión Orzamentaria.
 - Xerencia.

17. Vostede recibe unha chamada da presidenta do Consello Social da USC interesándose por determinados aspectos relacionados co calendario de aprobación do orzamento. Logo dunha discusión debido a un malentendido, a presidenta solicítalle falar coa persoa competente para a elaboración da liquidación do orzamento anterior. A quen lle pasaría a chamada?
- Á persoa que ocupe a Xerencia.
 - Á persoa que ocupe a xefatura do Servizo de Control Interno.
 - Á persoa que ocupe a xefatura do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.
 - Á persoa que ocupe a Vicexerencia de Economía.
18. No transcurso da elaboración do Proxecto de Orzamentos, o xerente trasládalle que detectou un erro no importe consignado para os ingresos procedentes da xestión e explotación do patrimonio. De que tipo de ingresos estamos a falar?
- Ingresos correntes.
 - Ingresos de capital.
 - Ingresos financeiros.
 - Ingresos de explotación.
19. Tras a revisión do proxecto de orzamentos recibe unha chamada do reitor advertindo do que para el se trata dun erro no capítulo de gastos financeiros, concretamente no apartado de xuros de préstamos. Como clasificaría este gasto en función da natureza do gasto establecido na clasificación económica?
- Gastos de capital.
 - Gastos correntes.
 - Gastos de imprevistos.
 - Gastos por operacións financeiras.
20. No marco dun curso de formación que vostede está impartindo ao Persoal de Administración e Servizos (PAS) da área económica da USC, un alumno fai catro reflexións sobre o exercicio do control financeiro da xestión económico-financieira da USC. Indique cal das seguintes é a única correcta:
- É realizado unicamente polo Consello de Contas.
 - Ten por finalidade a comprobación e a revisión dos actos que dean lugar ao recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico.
 - Un dos seus obxectivos é revisar o cumprimento da normativa que resulte de aplicación á xestión orzamentaria obxecto de control.
 - Non inclúe o obxectivo de verificar o adecuado rexistro e contabilización das operacións realizadas, xa que isto lles corresponde exclusivamente aos responsables de asuntos económicos dos centros.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) convocou concurso público para o acceso a unha praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de Anatomía e Embrioloxía Humana do Departamento de Ciencias Morfolóxicas (BOE 2 de decembro de 2021). O prazo para a presentación de solicitudes foi de 15 días. A esta praza concorreron dous candidatos, Miriam G.R., contratada doutora da USC da área de coñecemento de Anatomía e Embrioloxía Humana e Jorge C.G., profesor titular da mesma área de coñecemento da Universidade Complutense de Madrid. Unha vez rematado o proceso a comisión encargada da súa avaliación publicou a proposta de provisión, na que resultaron aptos para ocupar a praza os dous candidatos, pero acadando a maior puntuación Miriam G.R.

Neste Departamento presta servizos como responsable administrativa María G.S., funcionaria de carreira da Escala administrativa da USC, que tomou posesión o 14 de xaneiro de 2012 despois da superación dun proceso selectivo. O 25 de xuño de 2016 confíreselle unha comisión de servizos para o posto de responsable de Asuntos Económicos (AAEE) da Facultade de Medicina e Odontoloxía en substitución de Luís F.M., titular do posto dende o último concurso de traslados e que marcha ao Concello das Neves por saír elixido alcalde nas eleccións municipais.

O 20 de maio de 2020 Luís F.M. solicita o reingreso ao servizo activo na USC por rematar o seu mandato como alcalde do Concello das Neves e dítase resolución reitoral pola que se lle reingresa ao servizo activo no posto de xefatura de Negociado de Xestión económica con efectos do 1 de xuño de 2020. Luís F.M. accede á notificación da resolución de reingreso mediante comparecencia en sede electrónica con data do 31 de maio de 2020.

Por resolución da Xerencia de 9 de setembro de 2017 convócase concurso ordinario de méritos para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario correspondentes aos subgrupos A1, A2, C1 e C2 no que María G.S. participa. Unha vez resolto o concurso, adxúdicáselle á funcionaria o posto de responsable de AAEE da Facultade de Física con efectos de 1 de febreiro de 2018, cesando na comisión de servizos que viña desempeñando como responsable de AAEE da Facultade de Medicina e Odontoloxía.

O 2 de febreiro de 2018 María G.S. comeza o permiso por parto polo nacemento da súa filla. Antes do seu remate solicita gozar a continuación da lactación en xornadas acumuladas que remata o 30 de xullo de 2018 e, a continuación desta, solicita excedencia por coidado de familiares polo tempo máximo permitido pola lexislación para o coidado da súa filla. A súa parella de feito é persoal funcionario interino da Xunta de Galicia e está destinado en Viana do Bolo.

PREGUNTAS:

1. O prazo de presentación de solicitudes para participar no concurso público para o acceso á praza de profesor titular é de 15 días. Cando comeza o cómputo deste prazo e como se entenden os días?
 - a) Comeza o 2 de decembro de 2021 e enténdese que os 15 días son naturais computándose os sábados, domingos e festivos.
 - b) Comeza o 3 de decembro de 2021 e enténdese que os 15 días son naturais computándose os sábados, domingos e festivos.
 - c) Comeza o 3 de decembro de 2021 e trátase de días hábiles computándose os sábados.
 - d) Comeza o 3 de decembro de 2021 e trátase de días hábiles non computándose os sábados, domingos nin festivos.

2. Con respecto ao acceso a praza de profesor/a titular de universidade do Departamento de Ciencias Morfolóxicas da USC, indica cal das seguintes afirmacións é correcta:
 - a) Para poder acceder a esta praza só se esixe estar en posesión do título de doutor.
 - b) A comisión encargada de valorar a acreditación necesaria para o acceso a esta praza de profesor/a titular estará composta por 5 catedráticos/as ou profesores/as titulares de universidade.
 - c) A comisión encargada de valorar a acreditación necesaria para o acceso a esta praza de profesor titular estará composta por 5 profesores/as titulares de universidade.
 - d) O acceso a esta praza esixe aos aspirantes estar en posesión do título de Doutor, así como da previa obtención dunha acreditación nacional que, valorando os méritos e competencias dos aspirantes, garanta a calidade na selección.

3. Pode Jorge C.G. participar no concurso de acceso á praza de profesor/a titular de Universidade da USC, sendo profesor titular de universidade da Universidade Complutense de Madrid da mesma área de coñecemento?
 - a) Si, sempre que desempeñara a súa praza de profesor titular na Universidade Complutense de Madrid polo menos 1 ano.
 - b) Non, porque se trata dunha praza da mesma área de coñecemento que a que ten na Universidade Complutense de Madrid.
 - c) Si, sempre que desempeñase a súa praza de profesor titular na Universidade Complutense de Madrid polo menos dous anos.
 - d) Non, porque é de distinta universidade.

4. Onde se regula o procedemento que debe rexer o concurso público da praza de profesor/a titular de universidade convocada pola USC?
 - a) O procedemento vén regulado na Lei orgánica de universidades (LOU), xa que debe ser igual para todas as universidades públicas.
 - b) A LOU faculta ás universidades públicas para regular o procedemento a través dos seus estatutos.
 - c) O procedemento vén regulado na Lei do sistema universitario de Galicia.
 - d) O procedemento vén regulado na LOU, xa que debe ser igual para todas as universidades públicas e privadas.

5. No proceso selectivo para o ingreso na escala administrativa que superou María G.S., cal é o órgano competente para o seu nomeamento como funcionaria de carreira?
 - a) O reitor ou a reitora.
 - b) O xerente ou a xerenta.
 - c) O presidente ou a presidenta da Xunta de Galicia.
 - d) A persoa titular da consellería con competencia en materia de universidades da Xunta de Galicia.

6. Se o proceso selectivo que superou María G.S. para a escala administrativa, fose de promoción interna, en que situación administrativa procedería declarala na escala auxiliar?
 - a) Excedencia forzosa.
 - b) Excedencia por incompatibilidade.
 - c) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
 - d) Excedencia voluntaria por interese particular.

7. Tras as eleccións municipais, Luís F.M. resultou elixido alcalde do Concello das Neves. En que situación administrativa corresponde declaralo no seu posto na USC?
 - a) Servizo noutras administracións públicas.
 - b) Servizos especiais se o cargo de alcalde non é retribuído.
 - c) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
 - d) Servizos especiais sempre e cando o cargo de alcalde sexa retribuído e teña dedicación exclusiva.

8. É correcto o reingreso ao servizo activo de Luís F.M. ao posto de xefatura de Negociado de Xestión Económica?
- Si, porque era a praza que había vacante.
 - Non, ten dereito a reingresar ao servizo activo no mesmo posto que ocupaba con anterioridade con carácter definitivo, se este fose obtido polo sistema de libre designación.
 - Si, a universidade pode reingresalo a un posto de iguais características.
 - Non, ten dereito a reingresar ao servizo activo no mesmo posto que ocupaba con anterioridade con carácter definitivo, se este fose obtido por concurso.
9. Luís F.M. non está de acordo coa resolución reitoral de reingreso ao servizo de activo no posto de xefatura de Negociado de Xestión Económica. Pode interpor algún recurso en vía administrativa?
- Non, porque as resolucións do reitor esgotan a vía administrativa.
 - Si, recurso de alzada.
 - Si, recurso potestativo de reposición.
 - Si, recurso contencioso-administrativo.
10. No caso de caber recurso en vía administrativa contra a resolución reitoral de reingreso de Luís F.M., cal e o último día para poder interpoñelo tendo en conta que ningún dos días citados a continuación ten a consideración de inhábil?
- 1 de xullo de 2020.
 - 30 de xuño de 2020.
 - 1 de agosto de 2020.
 - 31 de xullo de 2020.
11. Luís F.M., con data 14 de outubro de 2022, cumpre os requisitos de idade e cotizacións para a xubilación forzosa pero non se quere xubilarse de momento. Ten a obriga de xubilarse?
- Si, está obrigado en todo caso a xubilarse e declárase de oficio.
 - Si, pero pode solicitar a prolongación da permanencia na situación de servizo activo cunha antelación mínima de 1 mes e máxima de 4 meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa.
 - Si, pero pode solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo cunha antelación mínima de 3 meses e máxima de 4 meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa.
 - Si, pero pode solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo cunha antelación mínima de 2 meses e máxima de 4 meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa.
12. María G.S. participa no concurso ordinario de méritos convocado por resolución da xerencia do 9 de setembro de 2017. Cumpre os requisitos para participar?
- Non, porque se atopa en comisión de servizos dende o 25 de xuño de 2016 e non cumpre o requisito da antigüidade mínima de 2 anos no posto.
 - Non, porque non ten a antigüidade mínima de 3 anos desde o seu nomeamento como funcionaria de carreira esixida ao persoal funcionario de novo ingreso.
 - Si, porque cumpre coa antigüidade mínima de 2 anos desde o seu nomeamento como funcionaria de carreira, esixida ao persoal funcionario de novo ingreso.
 - Non, porque se atopa en comisión de servizos dende o 25 de xuño de 2016 e non cumpre o requisito de antigüidade mínima de 3 anos.

13. Por cal das causas que se enumeran a continuación, María G.S. non pode ser removida do posto que adquiriu por concurso como responsable de AAEE da Facultade de Física?
- Por avaliación negativa do desempeño.
 - Por causas sobrevidas derivadas dunha alteración no contido do posto, realizada a través da RPT que modifique os supostos que serviron de base á convocatoria de provisión.
 - Por ausencias reiteradas e inxustificadas ao seu posto de traballo.
 - Polo cumprimento inadecuado das funcións do posto ou rendemento insuficiente que impida realizar con eficacia as funcións.
14. Cando esgota María G.S. o prazo máximo permitido para permanecer na situación de excedencia por coidado de familiares que ten solicitada para o coidado da súa filla?
- O 30 de xullo de 2020.
 - O 30 de xullo de 2021.
 - O 2 de febreiro de 2021.
 - O 2 de febreiro de 2020.
15. O tempo de permanencia na situación de excedencia por coidado de familiares, para que efectos se lle computará a María G.S.?
- Só para os efectos de trienios.
 - Para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social.
 - Só para os efectos de trienios e carreira profesional.
 - Só para os efectos de trienios e dereitos no réxime da Seguridade Social.
16. Indique en que data das que se enumeran a continuación, María G.S. non estaría en prazo para poder formular a solicitude de reingreso ao servizo activo da excedencia que ten concedida por coidado de familiares:
- O 15 de xaneiro de 2021.
 - O 2 de marzo de 2019.
 - O 20 de agosto de 2020.
 - O 10 de decembro de 2020.
17. De non solicitar o reingreso ao servizo activo en prazo desde a excedencia por coidado de familiares, en que situación administrativa cómpre declarar a María G.S.?
- Seguiría en excedencia por coidado de familiares, pero perdería o dereito á reserva do posto de traballo que ocupase con carácter definitivo.
 - Excedencia forzosa.
 - Excedencia voluntaria por interese particular.
 - Suspensión de funcións.
18. En caso de formular a solicitude de reingreso en prazo, en que posto debe reingresar María G.S. despois da súa excedencia por coidado de familiares para atender ao coidado da súa filla?
- Noutro de iguais características ao de responsable de AAEE da Facultade de Física.
 - No de responsable de AAEE da Facultade de Física.
 - No de responsable de AAEE da Facultade de Medicina e Odontoloxía.
 - Nun posto inferior en dous niveis ao que viña desempeñando.

19. En maio de 2021 convócase proceso selectivo de promoción interna para o acceso á escala de Xestión-administración, subgrupo A2, para cubrir 8 prazas vacantes no cadro de persoal da USC ao que María G.S. presenta a súa solicitude. En aras da promoción do exercicio de dereitos de conciliación, a convocatoria establece un baremo de puntos en aplicación do Decreto legislativo 2/2015 das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade. Afecta este baremo á funcionaria?
- a) Non, porque xa transcorreron máis de 3 anos dende o permiso por parto por nacemento da súa filla.
 - b) Non, porque xa transcorreron máis de 3 anos do permiso por parto por nacemento da súa filla e da excedencia por coidado de familiares.
 - c) Si, porque a lei require ter gozado do permiso por parto en calquera momento anterior ao proceso selectivo.
 - d) Si, porque estivo de permiso por parto por nacemento da súa filla e en excedencia por coidado de familiares nos últimos 5 anos.
20. A parella de María G.S. está destinada en Viana do Bolo. Rematada a excedencia por coidado de familiares que ten concedida María G.S., pode acollerse á situación de excedencia por agrupación familiar para poder trasladarse a Viana do Bolo coa súa filla?
- a) Non, só podería acollerse á excedencia forzosa.
 - b) Si, porque a súa parella de feito é persoal da Xunta de Galicia e así o prevé a Lei de emprego público de Galicia.
 - c) Non, podería solicitar unha prórroga da excedencia que ten concedida por coidado de familiares para seguir coidando da súa filla.
 - d) Non, porque a súa parella de feito é persoal funcionario interino da Xunta de Galicia e só está previsto nos casos de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo.

María de M. e o seu cónxuxe, Manuel R.C. estiveron a realizar este ano unha estadía de investigación na Universidade da Sorbona, aproveitando os programas de financiamento da Unión Europea. A súa idea era voltar ao Reino Unido, pero sorprendeulles o Brexit e a Pandemia e consideran como mellor opción o regreso a España. A Universidade de Santiago de Compostela (USC) ofertou prazas para investigadores distinguidos e María de M. acadou unha praza para desenvolver o seu traballo na Facultade de Física. Pola súa banda, Manuel R.C. ten previsto participar nun concurso de acceso para persoal funcionario docente e investigador con motivo da oferta dunha praza da área de Ciencia Política na Facultade de Ciencias Políticas e da Administración. Deben organizar a vida académica do seu fillo e da súa filla respectivamente, en cadansúa etapa.

A súa filla Elisa R.M. está en posesión do título de bacharelato dun país da Unión Europea e o seu fillo José Luis R.M. atópase neste momento realizando unha estadía ao amparo dun programa de mobilidade Erasmus na Universidade de Boloña. Está a piques de obter o título de grao e ten na súa mente a realización dun máster en Marketing Político o vindeiro curso.

Polo tanto, deben valorar que universidades en España ofertan titulacións técnicas relacionadas co *big data* ou a intelixencia artificial que son as preferencias da súa filla. Teñen coñecemento de que o programa A Ponte, aproveitando os convenios coas universidades coas que teñen acordos organiza webinars destinados a informar dos sistemas de acceso á nosa Universidade, así como das titulacións que se ofertan, mostrando interese polo Grao en *Big Data* que se imparte nun centro da USC, acreditado institucionalmente.

Por outra banda, o seu fillo Don José Luis R.M., estudante do dobre Grao de Sistemas Políticos Internacionais e Economía, aproveitou a estadía na universidade de destino para facer unhas prácticas relacionadas cos seus estudos, pero podería ter que deixar pendente o traballo de fin de grao, dado que entre as clases e as prácticas non puído dedicar o tempo necesario e rematar con éxito o seu proxecto.

A súa vez Maximiliano, un membro do consorcio de investigación no que participa Manuel R.C., procedente dunha universidade de Costa Rica estaría interesado na realización dun programa de doutoramento na USC, centrando a súa atención en acadar o doutoramento industrial nun programa ligado ao seu ámbito de coñecemento, ao que acaban de outorgarlle o selo de excelencia. Por todo isto, deben informarse dos trámites a realizar.

PREGUNTAS:

1. Se Elisa R.M. desexase cursar finalmente os seus estudos na USC. Que procedementos de admisión deberá establecer a universidade española se temos en conta que se trata dunha estudante en posesión dun título de bacharelato ou bacharel procedente dun sistema educativo da Unión Europea?
 - a) Non será a Universidade senón a Consellería de Educación a que adopte as decisións necesarias para a aplicación dos procedementos de admisión.
 - b) Utilizará sempre como único criterio avaliable a cualificación final obtida no bacharelato.
 - c) Utilizará exclusivamente a cualificación final obtida na fase xeral das probas de acceso.
 - d) Poderá fixar procedementos de admisión ou utilizar exclusivamente o criterio de cualificación final obtida no bacharelato.

2. Elisa R.M. ten coñecemento de que o Grao de *Big Data* implantarase para o vindeiro curso tras os trámites oportunos para obter o carácter oficial. Respecto ao procedemento que debe seguir un título universitario para obter a súa validez en todo o territorio nacional, sinala a resposta incorrecta:
- Unha vez declarado o carácter oficial do título e posteriormente publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE), inscribírase no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) coa denominación do título cuxa memoria do plano de estudos foi verificada.
 - Unha vez verificado o plano de estudos polo Consello de Ministros e, tras emitirse a autorización do Ministerio, establecerase o carácter oficial do título, será publicado no BOE e adquirirá así a súa validez en todo o territorio nacional.
 - Desde a publicación oficial, a Universidade disporá dun máximo de dous cursos académicos para implantar e iniciar a docencia do título desde a súa publicación no BOE.
 - A inscrición no RUCT terá efectos constitutivos respecto da creación de títulos universitarios oficiais.
3. Poderá Elisa R.M. coñecer con antelación os criterios de admisión ou deberá esperar a que se abra o prazo de preinscrición na universidade da súa elección?
- Si, as universidades con polo menos un curso académico de antelación farán públicos os procedementos que van aplicar para a admisión.
 - Non os coñecerá con antelación, deberá esperar a que se publiquen os prazos de preinscrición e con ela os criterios de valoración, a súa ponderación e baremos.
 - Coñeceraos con 1 mes de antelación, e cos criterios de admisión coñeceranse as ordes de prelación na adxudicación de prazos.
 - Non, deberá esperar a que se abra o prazo de preinscrición para coñecer os procedementos de admisión que aplicará a universidade.
4. Se unha vez implantado o título de Grao en *Big Data* que pretende cursar Elisa R.M., o centro que o imparte estimase conveniente incluír unha nova mención, que pasos debería dar a universidade para a súa incorporación ao plano de estudos do título en cuestión?
- Unha vez aprobada a proposta, será o Ministerio de Universidades o que inste á universidade a iniciar unha modificación substancial do plano de estudos do título, seguindo o procedemento indicado e tendo en conta que se trata dun centro universitario acreditado institucionalmente.
 - O procedemento de modificación do plano de estudos do título será idéntico en función de se é substancial ou non a mesma, pero dependerá de se o centro universitario está acreditado ou non institucionalmente.
 - Poderá propoñer unha modificación non substancial do plano de estudos do título dado que afecta á súa natureza, obxectivos e características, e o procedemento será diferente en función de se está ou non acreditado institucionalmente o centro universitario.
